

NÚMERO 7// MARZO 2022


CHÍO

MÁIS SE MOVE E CAMBALEA




A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO SEMPRE

Mural desaparecido de arte urbana. Centro Lugo 2019



DENDE AQUÍ VEXO UN
CAMIÑO
QUE NON SEI ADÓNDE VAI;
POLO MISMO QUE N'O SEI,
QUIXERA O PODER ANDAR.

ROSALÍA DE CASTRO. CANTARES GALLEGOS



RENDERSE NON É OPCIÓN

Alzo a voz en **LugoSempre** e iso sempre é sinónimo de portas abertas. Non por seren muller, se acaso isto é anecdótico; e ao tempo, seica a miña perspectiva por selo, ten a súa particularidade. O mesmo, se fora alguén de menos idade, tivese outra formación, ou poñamos por caso, fose natural de Uganda.

É tan importante estar, que se nalgún momento pensei en claudicar, digo xa mesmo que quedou desbotado de inmediato. Non por sentirme eu importante, senón por seren representativa dalgunha parcela e non esquecela, nin deixala de lado, non obvia-la ou refugala. E abrir esta porta para todas.

MELINA LÓPEZ

FERRETES ENTROIDO 2022

Dende o Consistorio
dous a dous de troula van
bailando o can can electoral
haberá un si parella
que o conquistará

RETROUSO

Viva o Antroido.

Viva, Olga; viva Lara

**Viva Moncho e máis Rubén;
carallo coa parranda, que cinco poden ser.**

Na volta a España
Lugo terá etapa
a serpe multicolor
polo carril bici irá.

Metas volantes, contrarreloxo e montaña
no barrio da Residencia, con sprint final.

RETROUSO

Viva o Antroido.

Viva, Olga; viva Lara

**Viva Moncho e máis Rubén;
carallo coa parranda, que cinco poden ser.**



O Carballo, quere; o Carballo non quere.
O Toñito, sí que quere; si é que o queren.
Sempre quedará Rozas, que , por dentro e por fóra
a Casa xa coñece,
e seguro que lle apetece.

RETROUSO

Viva o Antroido.
Viva, Olga; viva Lara
Viva Moncho e máis Rubén;
carallo coa parranda, que cinco poden ser.

Os do equipo "B" do goberno
moi fotoxénicos son.
Moito retrato, moita leria,
moito cono, moita feira
para a veciñanza conquistar.

RETROUSO

Viva o Antroido.
Viva, Olga; viva Lara
Viva Moncho e máis Rubén;
carallo coa parranda, que cinco poden ser.



O auditorio ten goteiras.
O auditorio é de Lara, e non do equipo "B"
Abrirase, cando diga
e chamarase Gran Teatro, que lle queda ben.
E se non, todo ten solución...a romper a coalición.

RETROUSO

Viva o Antroido.
Viva, Olga; viva Lara
Viva Moncho e máis Rubén;
carallo coa parranda, que cinco poden ser.

Un de Guitiriz, que manda en Monforte.
Canto manda este home, que ate a
Deputación preside,
Preside o partido, preside a Corporación do Cabe.
preside o Pazo de San Marcos.
Carallo "pa" Tomé, canto preside.





XOSÉ RAMÓN POUSA *

Director do Arquivo Sonoro de Galicia (ASG) do Consello da Cultura Galega.

O pasado 18 de febreiro, na localidade de Friol celebrou o ASG, un moi atraente acto que nos explica Xosé Ramón Pousa.

O Arquivo ten, practicamente vinte anos de vida e obedece a un plan da propia Unesco de poñer en valor o patrimonio sonoro e visual do mundo; en ese sentido, o Arquivo, intenta recoller para futuras xeracións os sons de Galicia, os son naturais e artificiais de todo tipo e que, evidentemente, se perden cada vez que se producen sen que ninguén faga unha labor de conservación.

O que pretende o Arquivo Sonoro é deixar para a posteridade, as voces das nosas xentes, os nosos intelectuais, da xente que conta historias,...; pero tamén, como soa Galicia: os fenómenos naturais, unha tormenta, a choiva, un río, o son da natureza ou dos animais.

Por outra parte, tamén os sons artificiais: cada tecnoloxía, cada época histórica configura unha "paisaxe sonora" diferente. Hoxe non temos sons, por exemplo, do carro do país que cruzaba as corredeiras fai cincuenta anos; nin dos primeiros tractores que apareceron no agro; nin de toda a maquinaria que evoluciona, como evoluciona a artesanía.

Polo tanto, o mapa sonoro é un traballo con proxección de futuro: o de gardar os sons para sempre.

Outra faceta a desenvolver é o que producen os medios de comunicación, fundamentalmente a radio. Xa que logo, temos a sorte de contar, con máis ou menos 200.000 gravacións que pode ter hoxe o Arquivo, todo o que é a fonoteca de RNE, dende que comezou a emitir en Galicia con produción propia, ata a actualidade.



Para un xornalista como vostede, cal é o seu sentimento á hora de dirixir o Arquivo Sonoro de Galicia?

Bueno, pois para min é unha evolución desde o que é o contacto coa realidade, que é o que ten que transmitir o periodismo; ata ese xogo, que consiste en gardar para o futuro os sons que se producen no país. Eu ademais aínda que traballei moitísimos anos na prensa escrita, tamén fun director dunha emisora de radio e traballei no medio radiofónico.

En este sentido, pois, a miña experiencia tamén me vale agora para esta labor de recollida de sons. Pero máis importante é que a xente tome conciencia de que isto é un valor e que é unha necesidade cultural conservalas para novas xeracións.

A propia Unesco declarou o son como ben cultural inmaterial

Pois si, forma parte un pouco do mesmo.

Realmente a Unesco, a partir dos anos oitenta, fixo unha labor importante, non só en poñer en valor o patrimonio artístico, monumental, físico, tanxible...; senón tamén, a favor de todo eso que é intanxible, que é inmaterial e loxicamente, o son e a imaxe captada, forma parte de ese mundo tan valioso, que ademais nos envolve de tal xeito, porque hoxe, realmente un cidadán do século XX, do século XXI, vai escoitar máis música e sons procedentes de gravacións e de medios de comunicación, que realmente contidos reais.

Seguindo cos sons, señor Pousa, ten algún que queira de xeito especial?

Eu creo que o máis emotivo do Arquivo Sonoro, é poder escoitar as voces que xa non están.

En este sentido, temos na web unha sección que se chama "Voces centenarias", son aquelas persoas que fai máis de cen anos que naceron e que aportaron cousas a este mundo; escoitar a Otero Pedrayo, a Castelao, a Celso Emilio Ferreiro, ... é unha gozada.

<http://consellodacultura.gal>



21 DE MARZO: DÍA DA POESÍA

Co obxectivo de apoiar a diversidade lingüística, fomentar a tradición oral e promover o ensino da poesía para que non sexa considerada unha forma anticuada de arte, senón unha vía de expresión e, así mesmo, restablecer o diálogo entre a poesía e outras manifestacións artísticas coma o teatro, a danza, a música e a pintura; a Unesco estableceu, en 1999, o 21 de marzo, como o **día mundial da poesía**.

En Chío, pechamos o número de marzo, facéndolle mención neste recuncho, no que ademais, voltamos ao noso "manifesto" e retomamos a **Rosalía**.

E engadimos estas ligazóns a diversas versións musicalizadas que do poema "Dende aquí vexo un camiño", se fixeron:

O primeiro é de **aCadaCanto**, e o segundo, de **DeZapal**



<https://youtu.be/YoOuEvF-Wnc>

<https://youtu.be/gg8GWIGw6RY>



Dende aquí vexo un camiño.

Dende aquí vexo un camiño
que non sei adónde vai;
polo mesmo que n'ó sei,
quixera o poder andar.
Istreitiño sarpen tea
antre prados e nabals,
i anda ó feito, aquí escondido,
relumbrando máis alá.
Mais sempre, sempre tentándome
co seu lindo crarear,
que eu penso, non sei por qué,
nas vilas que correrá,
nos carballos que o sombrean,
nas fontes que o regarán.
Camiño, camiño branco,
non sei para dónde vas;
mais cada vez que te vexo,
quixera poderte andar.
Xa collas para Santiago,
xa collas para o Portal,
xa en San Andrés te deteñas,
xa chegues a San Cidrán,
xa, en fin, te perdas... ¿quén sabe
en dónde?, ¡qué máis me dá!
Que ojallá en ti me perdera
pra nunc amáis me atopar...
Mais ti vas indo, vas indo,
sempre para donde vas,
i eu quedo encravada en onde
arraigo ten o meu mal.
Nin fuxo, non, que anque fuxa
dun lugar a outro lugar,
de min mesma, naide, naide,
naide me libertará.



ACLARÉMONOS

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre**.

No referente aos **contidos** deste número de **Chío**, é preciso indicar que no Manifesto aparece o inicio do poema "Dende aquí vexo un camiño", de Rosalía de Castro; logo referido de maneira completa no segundo Evento do mes.

No apartado das **imaxes**, resulta interesante especificar o que segue:

-Portada, a imaxe que a ilustra é un mural feito polo artista urbano autodenominado **Primo de Banksy**. Tal e como se sinala na mesma, tivo unha existencia efémera; posto que, logo de teren aparecido en 2019 no Campo Castelo de Lugo, pronto desapareceu. Casuística propia da arte urbana, por outro lado.

-Notas da editora: van acompañadas de imaxe de autoría propia, con localización en Portomarín.

-Evento do mes, adicado aos ferretes do entroido, leva imaxes de **Paco Nieto** relativas á festa sinalada, localizadas na provincia de Lugo.

- No artigo referido ao ASG, a imaxe que abre e de **Mariel Norat**, tal e como se sinala no mesmo, mediante o *

Seica todo este proceso de aclarado é, simplemente, un engadido máis.

Coordina e dirixe Chío, Melina López.

